



**Actualización das Condicións
Económicas do Convenio Colectivo 2008-2011**

2009

PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A.
CENTRO DE VIGO

En aplicación do disposto no artigo 28 do Convenio Colectivo 2008/2011, para o ano 2009 procede aplicar un incremento salarial del 2'5%, resultado de adicionar 0'5 puntos ó I.P.C. oficialmente previsto para este ano, con efecto dende o 1 de xaneiro de 2009.

Una vez aplicado este incremento sobre os valores vixentes a 31 de decembro de 2008, os artigos seguintes quedan actualizados nos termos que a continuación se indican.

■ Artigo 30.- SALARIO CONVENIO

O Salario Convenio que con carácter de mínimo corresponde a cada categoría de Persoal Horario, é o seguinte:

	<u>Euros/hora</u>	<u>Euros/día</u>	<u>Euros/paga</u>	<u>Euros/ano</u>
Nivel Profesional 1	5'3713	47'9700	1.289'10	18.047'33
Nivel Profesional 2	5'8184	46'5473	1.396'42	19.549'81
Nivel Profesional 3	6'2656	50'1247	1.503'74	21.052'30
Nivel Profesional 4	6'3197	50'5577	1.516'73	21.234'23
Nivel Profesional 5	6'3735	50'9877	1.529'63	21.414'84
Nivel Profesional 6	6'4272	51'4177	1.547'53	21.595'47
Nivel Profesional 7	6'4802	51'8417	1.555'25	21.773'51
Nivel Profesional 8	6'5555	52'4440	1.573'32	22.026'42
Nivel Profesional 9	6'7118	53'6947	1.610'84	22.551'81
Nivel Profesional 10	6'8682	54'9457	1.648'37	23.077'21
Nivel Profesional 11	7'0243	56'1947	1.685'84	23.601'72
Nivel Profesional 12	7'1808	57'4467	1.723'40	24.127'63
Nivel Profesional 13	7'3374	58'6990	1.760'97	24.653'53
Nivel Profesional 14	7'4939	59'9510	1.798'53	25.179'42

• **Artigo 31.- COMPLEMENTO DO PERÍODO DE DESCANSO**

O período de descanso (bocadillo) -15 minutos- do persoal horario a quendas con xornada ordinaria superior a 6 horas, retribuirase a razón de 2'3521 euros/hora.

• **Artigo 32.- RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL MENSUAL E TÁBOA DE RETRIBUCIÓNS MÍNIMAS**

1/ Na rúbrica Soldo estarán comprendidos, no seu caso, o Complemento Individual e o Complemento de Antigüidade regulados nos artigos 33 e 37, respectivamente, e devengarase en 14 pagas anuais de 30 días cada unha e a razón de 8 horas/día.

Os Complementos retributivos contidos nos artigos 34 al 36, devengarase de acordo coa súa propia regulación.

2/ As contías mínimas por categorías, para 2009, son as seguintes:

<u>Grupo SUBALTERNO</u>	<u>Euros/ano</u>
Cabo de Gardas	24.317'74
Dependente Principal	22.337'28
Cociñeiro Principal	22.337'28
Vixilante	20.853'58
Cociñeiro	20.853'58
Chofer	20.698'75
Almaceneiro	20.027'86
Dependente	20.027'86
Cociñeiro Auxiliar	19.038'28
Ordenanza	19.038'28
Telefonista	19.038'28
Dependente Auxiliar.....	18.709'28

Grupo ADMINISTRATIVO**Euros/año**

Xefe Administrativo de 1º	30.256'49
Xefe Administrativo de 2ª	26.956'18
Oficial Administrativo de 1ª	24.317'74
Oficial Administrativo de 2ª	20.688'44
Auxiliar Administrativo	19.542'75

Grupo TÉCNICO**Euros/año****Técnicos de Taller**

Xefe de Taller	30.256'49
Mestre de Taller	27.945'76
Contramestre	26.956'18
Encargado	24.317'74

Técnicos de Oficina**Euros/año**

Delíñante Proxectista	26.956'18
Delíñante de 1ª	24.317'74
Delíñante de 2ª	22.337'28
Auxiliar Delíñante	20.358'15
Reprodutor e Aquiveiro Planos	19.038'28

Técnicos de Organización**Euros/año**

Xefe de Organización de 1ª	30.256'49
Xefe de Organización de 2ª	27.945'76
Técnico de Organización de 1ª	25.307'34
Técnico de Organización de 2ª	22.997'87
Auxiliar de Organización	20.853'58

Técnicos de Laboratorio**Euros/año**

Xefe de Laboratorio de 1ª	30.256'49
Xefe de Laboratorio de 2ª	26.956'18
Analista de 1ª	24.317'74
Analista de 2ª	22.337'28
Auxiliar de Laboratorio	20.358'15

Técnicos Titulados**Euros/año**

Enxeñeiro	28.519'90
Licenciado	28.519'90
Axudante Enxeñeiro	28.519'90
Perito-Enxeñeiro Técnico	25.326'67
Diplomado	25.326'67
Graduado Social	25.326'67
Axudante Técnico Sanitario	25.326'67
Asistente Social	25.326'67

• Artigo 33.- COMPLEMENTO INDIVIDUAL

É un complemento salarial que se devengará de conformidade co establecido nos artigos 29 y 32 deste mesmo texto, tendo a mesma consideración e tratamento que o Salario Convenio o Soldo.

Está destinado a recoller aquela parte del Salario o Soldo que se atribuíra a título individual ou "ad personam", por distintas circunstancias. Para o persoal horario establécense os seguintes valores mínimos:

Categoría**Valor Mínimo**

Niveis Profesionais 5, 6 y 7	98'05 Euros/año
Nivel Profesional 8 ou superior	639'90 Euros/año

Este Complemento Individual incluírase en nómina na rúbrica de SALARIO ou SOLDADO.

■ **Artigo 34.- COMPLEMENTO DE PUNTUALIDADE E ASISTENCIA**

É un complemento destinado a premiar a asiduidade e puntualidade ó traballo de todo o persoal.

Devéngase sobre las horas efectivas de traballo, fixéndose o seu valor en 0,0848 euros/hora para o persoal horario e en 0,0658 euros/hora para o persoal Mensual.

Condicións xerais de aplicación

- Considerase a estes efectos como tempo de traballo o así definido no E.T.

-Computarase devengarase por meses naturais, con exclusión de Pagas Extraordinarias e Vacacións.

- Cada falta de puntualidade ou asistencia ó traballo, considerada inxustificada, determinará a perda dun 25% do Complemento do mes correspondente.

- As ausencias ou faltas de puntualidade por I.T. (Incapacidade Temporal) ou permisos regulamentarios non suporán dedución algunha.

■ **Artigo 35.- COMPLEMENTO DE PRESENCIA**

Co obxecto de premiar a presenza continuada no traballo, establécese o Complemento de Presenza para todos os traballadores da Empresa, con suxeición ós seguintes criterios:

1.- Devengarase por meses naturais completos en situación de alta no cadro de persoal, sempre que non tivera ausencia ó traballo durante o mes.

A estes efectos, non terán a consideración de ausencias:

- As Vacacións oficiais.
- Os permisos regulamentarios retribuídos.
- Os descansos derivados de recuperación voluntaria.

2.- O seu valor fíxase en:

2.1/ Persoal Horario

39'41 euros/mes, equivalente a 472'86 euros/ano.

2.2/ Persoal Mensual

30'93 euros/mes, equivalente a 37'115 euros/ano.

3.- Para los traballadores a tempo parcial ou con xornada inferior á máxima establecida, o Complemento mensual calcúlase prorrateándose conforme á xornada de traballo realizada.

4.- Se en cada un dos anos de vixencia do presente Convenio, o índice de absentismo anual medio do cadro de persoal do Centro fose inferior ó 5,0%, aqueles traballadores de alta no cadro de persoal a 31 de decembro de cada ano cuxo índice individual de absentismo anual - medio sexa inferior al 4,5% una vez excluídos os permisos regulamentarios retribuídos citados no punto 1 deste artigo, verán incrementado nun 20% o importe total percibido no ano en concepto de Complemento de Presenza. Neste caso, o valor resultante de dita regularización, aboarase na nómina correspondente ó mes de xaneiro do ano seguinte.

O índice de absentismo anual medio do cadro de persoal do Centro considerado ós efectos anteriores, será o comunicado trimestralmente ó Comité de Empresa e habitualmente publicado no Centro.

■ **Artigo 36.- COMPLEMENTO POR RÉXIME DE TRABALLO A QUEDAS**

É un complemento salarial aplicable ó persoal en réxime de traballo a quendas rotativas de mañá e tarde.

Devéngase sobre as horas efectivas de traballo, fixándose o su valor en 0'1760 euros/hora que inclúe a parte proporcional de Pagas Extraordinarias e Vacacións.

■ **Artigo 37.- COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE**

Mantense o criterio de trienios para todo el persoal ó que as normas regulamentarias recoñecen o dereito a percibir a antigüidade.

	<u>Euros/hora</u>	<u>Euros/día</u>	<u>Euros/paga</u>	
	<u>Euros/ano</u>			

O valor do trienio será...	0'0642	0'5137	15'41	215'79
----------------------------	--------	--------	-------	--------

O tope máximo a considerar por este concepto será o de nove trienios.

O complemento por antigüidade devengarase a partir do 1º de xaneiro do ano en que se cumpra cada trienio se a data de vencemento é anterior a 30 de xuño, e a partir de 1º de xullo do ano respectivo nos casos en que el vencemento teña lugar no segundo semestre do mesmo.

■ **Artigo 38.- HORAS EXTRAORDINARIAS**

Cando as circunstancias técnicas e produtivas así o esixiran, a Empresa poderá establecer a realización de horas extraordinarias asta os límites legais (80 horas por traballador e ano).

A posible realización deste tipo de horas extraordinarias será voluntaria y terá carácter xeral.

A Empresa deberá comunicar ós traballadores afectados a necesidade de traballar en horas extraordinarias cunha antelación suficiente, e cando menos deberá efectuarse 24 horas antes do día en que deban realizarse, salvo naqueles casos considerados de forza maior ou para previr ou reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes, en cuxo caso considerarase obrigatoria a prestación.

O valor da hora extraordinaria para el ano 2009 será de 0'6802 euros por cada 1.000,- euros de Salario anual nos conceptos: Salario Convenio, Complemento de Antigüidade e Complemento Individual, que en cada caso correspondan.

No ano 2010, o valor da hora extraordinaria experimentará un incremento igual ó pactado para dito ano, manténdose no mesmo nivel para o ano 2011.

■ **Artigo 43.- AXUDAS SOCIAIS**

A Empresa concederá en 2009 Axudas para estudos por un importe de 309.760 euros brutos. Para os anos 2010 e 2011 dito importe incrementarase nas mesmas porcentaxes a que fai referencia el Artigo 28.

60 de 226 euros para estudos propios do persoal
800 de 113 euros para estudos de fillos
600 de 343 euros para Educación Infantil (de 0 a 3 anos).

Estes importes entenderanse antes de impostos e estarán suxeitos ás retencións que en materia de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas se determinen legalmente en cada momento.

Para percibir o importe das Axudas para Estudos será imprescindible presentar el resgardo de matrícula e as cualificacións do Curso.

As Axudas para Educación Infantil (de 0 a 3 anos) están destinadas ós traballadores que, antes da finalización do prazo de admisión de solicitudes, acrediten ter fillos que non cumpriran 3 anos o 1º

de xaneiro de cada ano de vixencia do Convenio.

Os traballadores solicitantes de todas estas axudas deberán permanecer de alta no cadro de persoal no momento de concesión das mesmas.

No seo da Comisión creada ó efecto estableceranse os criterios para determinar a orde de prelación das solicitudes no caso de existir maior número de axudas que crédito dispoñible.

Os seguintes artigos actualizaranse anualmente de acordo coa porcentaxe de incremento salarial e revisión a que houbera lugar no seu caso, pactados no Convenio Colectivo para o ano anterior.

Artigo 22.- COMPLEMENTO POR XUBILACIÓN

A Empresa manterá o sistema de Complemento por xubilación ós 65 anos, que se regula polo Regulamento que figura en documento ó efecto.

Las cantidades fixadas para o ano 2009 concrétanse en 176' 93 euros en concepto de Complemento de Xubilación e 133' 09 euros en concepto de Prima de Substitución P.X., segundo os casos. Ambas cantidades actualizaranse anualmente de acordo coa porcentaxe de incremento salarial e revisión a que houbera lugar no seu caso, pactados no Convenio Colectivo para o ano anterior.

El dereito ó complemento perderase se o traballador continuase prestando servizos despois do mes do seu 65 aniversario, salvo que non reúna o tempo mínimo necesario para causar dereito á pensión pública de xubilación, en cuxo caso poderá continuar traballando o tempo indispensable para iso.

■ Artigo 45.- SEGURO DE VIDA

1/ A Empresa cubrirá os riscos de falecemento e Incapacidade Permanente mediante o Seguro Colectivo de Vida e o Seguro Colectivo de Accidentes que actualmente ten establecidos.

Con estes seguros quedarán garantidas as seguintes indemnizacións:

- Abono de capital asegurado nos casos de Morte ou Incapacidade Permanente, calquera que sexa a súa orixe (accidente laboral ou non laboral, ou por enfermidade común ou profesional).

O capital asegurado será equivalente ó Salario Anual de cada traballador, entendendo por tal o Salario Convenio, o Complemento de Antigüidade así como o Complemento Individual e persoal, no seu caso, todo iso valorado no momento do feito causante.

- Abono dun capital complementario de 34.926'70 euros nos casos de Morte ou Incapacidade Permanente derivadas de accidente (laboral ou non laboral).

Esta cantidade fíxase no seu 80% para contratos concluídos con xornada anual inferior á pactada no primeiro parágrafo do artigo 17. Xornada Laboral.

2/ Adicionalmente, a Empresa cubrirá mediante un Seguro Complementario de Accidentes ó persoal que, por necesidades del Servizo, haxa de desprazarse fóra do seu centro de traballo. Dito seguro garantirá os riscos de falecemento e Incapacidade Permanente por un importe adicional de 43.643'12 euros.

No concepto de Incapacidade Permanente queda excluída a situación de Incapacidade Permanente Parcial.

No suposto de Incapacidade Permanente, as coberturas aseguradas faranse efectivas no momento de causar baixa no cadro de persoal da Empresa como consecuencia do recoñecemento legal de tal situación.

As coberturas destes seguros achéganse á totalidade do cadro de persoal da Empresa en situación de activo, entendendo tamén como tal a situación legal de I.T. (Incapacidade Temporal), até o máximo previsto no Artigo 131 bis.2 da Lei Xeral da Seguridade Social segundo redacción dada pola Lei 40/2007, de 4 de decembro, ou calquera outra norma que o substitúa. Para iso, é imprescindible que os afectados, no mes de Xaneiro de cada ano, informen e xustifiquen ante a Empresa as súas circunstancias. Nestes casos os capitais manterán o nivel que tiñan no momento de rematar a obrigatoriedade de cotización da Empresa á Seguridade Social.

RELACIÓN DOTROS COMPLEMENTOS SALARIAIS EXISTENTES EN PEUGEOT CITROËN AUTOMÓBILES ESPAÑA, S.A.

Os complementos máis abaixo relacionados poderán sufrir variación e ser compensados e absorbidos por calquera modificación tecnolóxica, valoración de postos ou evolución da actual estrutura salarial, e, en xeral, por calquera outra causa que poida facer variar as actuais condicións salariais ou de traballo.

O seu valor en euros/hora inclúe o promedio correspondente a Pagas Extraordinarias e Vacacións.

Los valores reflectidos no presente documento aplicaranse no ano 2009.

COMPLEMENTO DE DESCANSO EN RECUPERACIÓN VOLUNTARIA

É un complemento salarial que se abona durante os días ou horas de descanso substitutorios dos que, por instrucións da Xerarquía e de acordo co Servizo de Persoal, prolongan su xornada de traballo durante días laborais ou non laborais.

A súa contía fíxase en 5'3761 euros/hora de descanso.

COMPLEMENTO DE XORNADA ORDINARIA DE TRABAJO EN SÁBADOS NON LABORAIS, DOMINGOS E FESTIVOS

É un complemento salarial de carácter funcional e non consolidable que se abona ós traballadores que realizan a súa xornada ordinaria de traballo en sábados no laborais segundo o Calendario Laboral xeral, domingo ou día festivo. Enténdese como xornada ordinaria aquelas que acepten o réxime de xornada ordinaria de traballo en quenda fixa de noite, ó menos por un período mínimo de seis meses. Quedan excluídos da percepción do complemento aqueles traballadores contratados expresamente para prestar súa actividade en dita quenda con exclusividade. No seu devengo consideraranse as

condicións e limitacións establecidas nos acordos sobre a aplicación do complemento de quenda fixa de noite, de 24 de xuño de 2000.

A súa contía fíxase en 1'6688 euros/hora de traballo efectivo.

COMPLEMENTO DE NOCTURNIDADE

É un complemento salarial de carácter funcional e de natureza non consolidable que se abona ós traballadores cuxo traballo se realice entre las vinte e dúas e as seis horas.

Persoal Horario

Aboarase sobre as horas de traballo efectivo, cos valores seguintes:

	<u>Euros/hora</u>
Nivel Profesional 1	1'2837
Nivel Profesional 2	1'3913
Nivel Profesional 3	1'4832
Nivel Profesional 4.....	1'5021
Nivel Profesional 5	1'5206
Nivel Profesional 6	1'5393
Nivel Profesional 7	1'5582
Nivel Profesional 8	1'7336
Nivel Profesional 9	1'7924
Nivel Profesional 10	1'8545
Nivel Profesional 11	1'8969
Nivel Profesional 12	1'9718
Nivel Profesional 13	2'0150
Nivel Profesional 14	2'0582

Persoal Mensual

A súa contía será de 34'86 euros/hora de traballo efectivo por cada 100 euros de soldo/hora individual.

COMPLEMENTO EXCEPCIONAL POR XORNADAS DE TRABALLO NAS NOITES DO 24 Ó 25/12 E DO 31/12 Ó 1/1

É un complemento salarial de carácter funcional e de natureza non consolidable que se devenga pola prestación da xornada laboral ordinaria entre as 22 horas dos días 24 e 31/12 ás 6 horas do 25/12 e 1/1.

Así mesmo, excepcionalmente para os anos 2009, 2010 y 2011, este complemento devengarase pola prestación da xornada laboral ordinaria entre as 6 e as 22 horas dos días 25/12 e 1/1 de cada un dos anos de vixencia do Convenio.

A súa contía fíxase en 75'47 euros por xornada completa de traballo.

COMPLEMENTO DE POSTOS EVOLUCIONABLES NAS SÚAS CONDICIÓN DE PREVENCIÓN

O "Complemento de Postos Evolucionables nas súas condicións de prevención" é un complemento salarial de carácter temporal, funcional e non consolidable, que se devenga pola prestación da actividade produtiva naqueles postos de traballo nos que a Empresa, a través da dotación de recursos materiais e/ou humanos, debe centrar os seus esforzos de cara a unha mellora nas súas condicións de execución.

Entre tanto non se produza a mellora substancial ou resolución técnica destes postos de traballo, ós traballadores que os ocupen, aboaráselles un complemento de 0'1792 euros/hora efectiva de traballo, cantidade que inclúe a parte proporcional de Pagas Extraordinarias e Vacacións. O citado Complemento de Postos

Evolucionables quedará absorbido, total ou parcialmente, en todos aqueles casos en que se consolidara no salario a título individual o anterior Complemento de Condicións Especiais de Traballo.

En consecuencia, o complemento de Postos Evolucionables percibirase até o momento en que cesen as causas que motivaron a súa concesión, é dicir, até o momento en que se realizaran as melloras tecnolóxicas pertinentes, situación que poderá ter lugar por algún dos seguintes motivos:

- Evolucións ou desenvolvementos tecnolóxicos futuros.
- Desaparición de los postos.
- Implantación o modificación de instalacións que melloren as condicións actuais.
- Lanzamento de novos vehículos que contemplan en orixe a súa solución.
- Etc.

Cando se produzan as evolucións técnicas citadas ou outras similares que, a xuízo dos servizos técnicos do Centro, determinen a oportunidade de revisar as condicións de abono do Complemento de Postos Evolucionables, informarase disto ó Comité de Seguridade e Saúde. No caso de discrepancia, poderá requirirse a intervención dun Organismo Técnico Homologado, en cuxo caso, estarase ó que o citado Organismo estableza.

PSA PEUGEOT CITROËN 

